


A LITERATURA DA POSGUERRA: EDUARDO BLANCO AMOR

BIOGRAFÍA

Nace en Ourense nunha familia humilde. Emigra a Arxentina onde traballa como xornalista e inicia o seu labor literario. Alí tamén crea a Irmandade Nazionalista Galega. Viaxa a España como correspondente e entra en contacto con escritores da Xeración do 27 como Lorca. Despois ten que exiliarse e ao seu regreso a Galicia continúa o seu labor literario e xornalístico entre Ourense e Vigo, cidade na que morre anos despois.



OBRA

Cultiva todos os **xéneros**: poesía, teatro, narración e ensaio. Neste tema centrarémonos na súa **obra narrativa**: *A esmorga*, *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

As principais **características** destas obras son:

- ♣ Localización espacial: Auria (Ourense)
- ♣ Localización temporal: dúas primeiras décadas do século XX
- ♣ Protagonismo infantil e xuvenil (excepto *A Esmorga*)
- ♣ Preferencia polo narrador en 1ª persoa
- ♣ Relevancia dos prólogos das obras

A Esmorga

Desenvolve una historia trágica que transcorre en diferentes escenarios da cidade de Ourense (Auria). Narra a noite de festa de tres personaxes que botan de borracheira un día enteiro e a súa noite, e remata co falecemento de dous deles, e o asasinato do terceiro a mans da Garda Civil. De feito, é este terceiro quen conta toda a historia ao xuíz e, grazas a isto coñecemos o sucedido.

A obra está estruturada en **tres partes**:

-**1ª parte**: nun prólogo denominado **documentación**, o narrador-autor explica como obtivo a información necesaria para escribir a historia.

-**2ª parte:** conta a historia a través de cinco capítulos que recollen a declaración de Cibrán, o Castizo, ante o xuíz. Neste interrogatorio reconstrúense as vinte e catro horas de esmorga dos tres personaxes: O Bocas, o Milhomes e o Castizo. Tras o remate trágico, Cibrán, o único supervivente e tamén acusado, narra a súa versión dos feitos (narrador-protagonista).



-**3ª parte:** reaparece o autor-narrador que dá conta da morte do protagonista e das circunstancias nas que se produce esta situación.

-Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a decir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e sin unhas non houberan pasado as outras tampouco.

-...

-Que han de ser desculpas! Eu non teño ren de que me desculpar que eu nada fixen, pois a ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñer.

-

-Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que teño dentro, pois o que pasou queda como si non tivera pasado.

-...


-Deus lle me libre! Téñoille todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que decir as cousas como sei decilas e non podo decilas de outro xeito, por mais

voltas que lle dea. A máis deso, os feitos, como vostede me enséña, por máis que faga non veñen a mamoria uns detrás doutros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo se mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se querere asoparar unhas das outras. Ó que foi de día, se me poño a matinar, aínda podo conquerirille certa disposición.

Pro o que pasou á noite... a noite está ateigada de cousas, todas tan xuntas que mesmo me somella que non puido habere tempo para tanto, coma si foran moitas noites xuntas, unhas a cabo de outras, ou unha noite moi longa, sen día no entremeio; ou como cousas desaceitadas, sen antes nen dempois, que nin eu mesmo me entendo... a máis diso, tiven moitas vegadas o "pensamento", que me veu moi seguido, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese...

Os Biosbardos

Son sete relatos breves protagonizados por rapaces de Auria que contan as súas experiencias persoais e os seus modos de vida (alimentación, xogos, vivendas...).



"O estreno" é a última narración do libro que pon o broche irónico. O protagonista estrea un día de Hábeas os seus primeiros pantalóns longos (naquela época era signo dun cambio de status: paso da nenez á adolescencia). Pasea a súa nova condición polas rúas de Auria, sente a primeira chamada do amor e queda enfeitizado pola beleza de dúas estranxeiras. Perségueas pola cidade, bota a perder os pantalóns novos e chega tarde ao xantar. Sae de noite para buscalas no paseo da alameda, pero a quen atopa é ao pai, que o ergue polo ombreiro e lle dá unhas lapadas e un couce no cu.

Xente ao lonxe

É unha novela longa que conta a historia dunha familia obreira de esquerdas de Auria. O protagonista é Suso, un neno que narra a súa peripecia persoal e a súa evolución de neno a adolescente. A través deste relato ofrece unha crónica da sociedade ourensá e española do momento.



«Sin máis toques de cornetín, os cabalos galloparon por enriba da xente; logo recuaron, sempre co tenientiño a carón; botaron pé a terra e fixeron dúas descargas seguidas, cerradas, a queimarroupa.

Cando o xentío se espaxeou quedaron nas lousas nove mortos e trinta feridos.

Entre os mortos estaba unha muller moza, preñada xa pra parir, e asegún despois se soupo, o home entoleceu. Na face dun santo de pedra da Orden Bieita, na fachada apareceron escochados unos miolos. En todo o adral o sangue ía escoando polas rendixelas das lousas.

Os mortos quedaron alí até que chegou o xuez o día seguinte. As campás de toda a parroquia e doutras que dende alí non se ouvían, tocaron a morte dous días coas súas noites, até que os enterraron.

Os xendarmes entraron ao solpor na cidade, co tenientiño ao fronte, sin unha ferida, sin un croque de pedra, sin un arrabuñazo, cos uniformes ben cepillados, cos amarelos do correaxe como acabados de pintar, e fóronse á casa cuartel da Praza de San Cosme a cear quente e a dormir coas súas mulleres. O deber ten isas mágoas, que se lle vai facer..." »

Este fragmento foi retirado da novela *Xente ao lonxe* polos censores, por ter connotacións de carácter político ao estar baseado en feitos reais (matanza de Oseira).

Significado da narrativa de Blanco Amor

Representa o denominado "realismo social", que se inicia en 1959 coa publicación d'*A Esmorga*. Tanto nesta obra como nas dúas seguintes existen motivos recorrentes que vertebran a súa narrativa: o espazo urbano da vella Auria, a pertenza dos protagonistas ás clases populares ou aos marxinados sociais. As súas narracións susténtanse nun perfecto coñecemento e adecuación dos medios técnicos, que dotaron a nova narrativa galega de novos aires: a técnica do interrogatorio que só mostra a voz do interrogado, o perspectivismo...